



**RESOLUCIÓN do 31 de agosto de 2023, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se acorda a ampliación do prazo máximo para a execución e xustificación de proxectos aprobados ao abeiro da Orde do 21 de decembro de 2022 pola que se establece as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2023 para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, tramitada como anticipado de gasto.**

O artigo 11.4 da devandita orde de 21 de decembro de 2022, establece que se consideran subvencionables os gastos realizados e facturados dentro do período de execución, sempre que se xustifique o seu pagamento nos prazos sinalados no artigo 24. O prazo máximo de execución será ata o 4 de setembro de 2023.

A data de hoxe téñense recibido distintas solicitudes de modificación e prórroga de xustificación por parte dos beneficiarios debido aos atrasos dos permisos administrativos necesarios.

Por iso, debido as dificultades excepcionais que manifesta o sector, en relación a acadar os permisos administrativos necesarios para pode executar determinadas accións nos proxectos presentados e co obxecto de facilitar a execución dos proxectos para conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas nun ano con condicións ambientais excepcionalmente adversas, e para favorecer a execución do FEMP.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

O artigo 45.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro), establece a posibilidade de que o órgano concedente das subvencións outorgue, salvo precepto en contra contido nas bases reguladoras, unha ampliación do prazo establecido para presentar a xustificación, que non excederá a metade deste e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros.

Por outra parte, con carácter xeral, o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), establece que a ampliación poderá acordarse de oficio ou por instancia de parte antes do vencemento do prazo de que se trate e se as circunstancias así o aconsellan.





XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MAR

galicia



Unión Europea  
Fondo Europeo  
Marítimo e de Pesca  
(FEMP)

Polo que é pertinente acordar de oficio unha ampliación do prazo de execución e xustificación, sen que isto supoña variación ningunha na contía total, dos conceptos subvencionables e os importes do proxecto.

De conformidade co disposto na disposición adicional segunda, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro está facultada para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento da orde.

Por todo o anterior, sobre a base dos requisitos e condicións previstos na normativa anteriormente citada, **RESOLVO**,

Acordar a ampliación do prazo de execución e xustificación dos proxectos aprobados ata o 20 de outubro de 2023.

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2023

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

